

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### BASES QUE REXERÁN A PARTICIPACIÓN DE COMPARSAS NO MARTES DE ENTROIDO 2019 EN PONTEDEUME

Con motivo da celebración do martes de Entroido que desenvolve o Concello de Ponedume, dentro das actividades do Entroido 2019, establece as presentes bases que rexirán dito evento.

#### I Participación

1.1 - O obxecto das presentes bases é regular a participación de comparsas no Martes de Entroido 2019 que se desenvolve no Concello de Ponte deume.

1.2 - Para poder participar é imprescindible cubrir (en todos os seus apartados) a solicitude de inscrición e presentala no Departamento de Cultura, sito na **Avda. do Peirao. Edificio de Xulgados. Baixo**, ou no Rexistro do propio Concello

1.3 - No momento de formalizar a inscrición presentarase a seguinte documentación:

- a) -. Documento no que se indique os instrumentos que acompañan ao grupo, a súa distribución así como a dos participantes no escenario.
- b) -. Acta na que se reflicte o nome do representante do grupo ante o Concello de Ponte deume para este concurso.
- c) -. Copia do DNI do representante (que coincidirá ca persoa que fai a solicitude de Inscrición).
- d) -. Copia do CIF da asociación ou entidade, si dispoñen do mesmo.
- e) -. Para o pagamento da participación:
  - Si o pago se fai por banco presentarán solicitude de abono firmada polo presidente ou representante da entidade, do grupo, para o seu ingreso na conta bancaria da mencionada entidade, comparsa, grupo etc. E certificación bancaria, que indique que esa conta pertence a dita comparsa, grupo, entidade, etc, participante no evento.
  - Si se desexa cobrar o mesmo día do evento, acta na que se reflicte dito desexo, é indicando quen será a persoa a quen se lle pagará. No caso de que non coincida co representante presentará copia do DNI.

Aqueles grupos que non teñan CIF presentarán:

1º Os apartados a, b do punto 3 destas Bases

2º Listado de todos os membros participantes con número do DNI dos mesmos.

3º -. Para o pagamento da participación:

- Si o pago se fai por banco presentarán solicitude de abono firmada polo presidente ou representante da entidade, do grupo, así como certificación bancaria co número de conta na que se fará o ingreso.
- Si se desexa cobrar o mesmo día do evento, acta na que se reflicte dito desexo, é indicando quen será a persoa a quen se lle pagará. No caso de que non coincida co representante presentará copia do DNI.

De non presentarse a documentación requerida antes do día 29 de marzo de 2019 entenderase que renuncian ao cobramento do premio.

1.4 - O prazo para a presentación das solicitudes de participación remata o venres 1 de marzo de 2019 ás 14:00 horas.

1.5 - . Entenderase por comparsa un grupo de máscaras de oito ou máis persoas, maiores de 16 anos cumpridos. No caso de comparsas infantís, a agrupación estará formada como mínimo por oito persoas cunha idade máxima de 15 anos. As comparsas infantís presentarán un representante maior de idade. O incumprimento desta cláusula conleva o non poder optar aos premios do concurso.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

### II Lugar e data de participación

2.1 – A actividade terá lugar o martes de carnaval, día 5 de marzo de 2019, na Praza de San Roque (praza da Calzada), despois do desenvolvemento do pasacalles das comparsas. En caso de choiva o pasacalles poderá ser anulado pola organización.

2.2 - As comparsas participarán no pasacalles que terá lugar o Martes de Carnaval, 5 de marzo de 2019, as 19:00h.

2.3 - Reuniranse na Avenida de Raxoi ás 18:30 onde se indicará o orden de participación de acordo as necesidades de produción de cada unha, para un correcto desenvolvemento das diferentes actuacións. Finalizado o proceso de distribución das comparsas, saíran da Alameda ás 19:00 horas ata a Praza Real, seguindo o seguinte traxecto: Corredoira das Virtudes - Rúa San Agustín - Avda. Saavedra Meneses - Praza de España - Rúa Inmaculada - Praza do Conde - Rúa Couceiro Freixomil - Praza Real, Rúa Real (bar Compostela), praza da Calzada, sempre e cando as condicións climatolóxicas o permitan.

2.3 - Aquelas comparsas que non se encontren presentes no momento da entrega dos lugares que ocuparan na participación do concurso (punto 12), ocuparán o lugar designado pola organización.

### III Participación económica

3.1 - Destinaranse 5.100,00€ polo concepto de participación no Martes de Carnaval do Concello de Ponte deume, que se repartirá de maneira idéntica entre as distintas comparsas que participen no evento e que reúnan as condicións e requisitos esixidos nestas bases. O resultado de este reparto terá unha cuantía máxima de 700,00 € para cadaa unha. Os importes superiores a 300,00 € terán unha retención do 19 %.

3.2 - O abono desta participación, farase como se indicou no punto 1.3 destas Bases, poderá ser por conta bancaria ou en efectivo o mesmo martes de Entroido.

En caso de faltar documentación, poderá presentarse como máximo ata o 29 de marzo (en caso contrario entenderase que renuncia ao seu cobramento).

### IV Desenvolvemento

4.1 - Cada comparsa deberá cantar ou recitar no palco, que se instalará para tal fin na Praza Real do Concello, un mínimo de tres cancións . É obrigatorio que a lo menos unha delas sexan todo o seu contido e temática de Ponte deume. (Este número poderase variar pola organización por motivos de produción)

4.2 - Cada comparsa entregará á organización un folleto no que estarán impresas as letras das cancións ou coplas que van cantar ou recitar, que serán inéditas en canto á letra. Así mesmo entregarán entre o público copias das letras de forma gratuíta.

4.3- As comparsas terán que participar en todos aqueles actos que a organización teña programados, e sexa necesaria a súa participación, para este Entroido 2019. Sendo necesaria a súa colaboración no mesmo Martes de Entroido, despois de rematar o concurso, para realizar animación e dinamización nas rúas e para o que serán organizadas por diferentes zonas da vila.

4.4 - As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no vestiario coma na actuación.

4.5 - Cada comparsa deberá cantar ou recitar no palco, que se instalará para tal fin na Praza Real do Concello, un mínimo de tres cancións . É obrigatorio que a lo menos unha delas sexan todo o seu contido e temática de Ponte deume. (Este número poderase variar pola organización por motivos de produción)

4.6 - Cada comparsa entregará á organización un folleto no que estarán impresas as letras das cancións ou coplas que van cantar ou recitar, que serán inéditas en canto á letra. Así mesmo entregarán entre o público copias das letras de forma gratuíta.





## **CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

---

4.7- As comparsas terán que participar en todos aqueles actos que a organización teña programados, e sexa necesaria a súa participación, para este Entroido 2019. Sendo necesaria a súa colaboración no mesmo Martes de Entroido, despois de rematar o concurso, para realizar animación e dinamización nas rúas e para o que serán organizadas por diferentes zonas da vila.

4.8 - A Organización poderá descartar do concurso a aqueles participantes que se comporten indecorosamente ou exhiban conductas que poidan considerarse ofensivas, vexatorias ou de mal gusto, tanto cara o público como cara a organización.

4.9 - Calquer dúbida que poida xurdir na interpretación destas Bases, os membros da organización terán a potestade para resolvela.

4.10 - A inscrición nesta actividade implica a aceptación destas Bases.

### **V Publicidade das Bases**

5.1 – As presentes Bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, nos distintos taboleiros que o concello ten polo pobo e parroquias, así como nas redes sociais e páxina web.

